

D. RICARDO CAO ABAD

REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Licenciado en Matemáticas con Premio Extraordinario e 1.º Premio Nacional de Licenciatura e Doutor en Matemáticas con Premio Extraordinario de Doutoramento. Profesor de Estatística e Investigación Operativa no Departamento de Matemáticas da UDC desde 1999.

Traxectoria profesional

En 1991 iniciou a súa actividade académica na UDC, impartindo docencia desde entón en dezaseis titulacións das Facultades de Informática, Ciencias, Ciencias da Saúde, Enfermería e Podoloxía e Fisioterapia. Foi presidente dos European Courses in Advanced Statistics (ECAS) (2009-2014) e coordinador do grupo de investigación MODES ata decembro de 2024. É membro de CITIC.

É membro electo do International Statistical Institute e foi nomeado Fellow do Institute of Mathematical Statistics en 2022. Foi galardoado co Premio Nacional de Estatística (2023), a Medalla de Investigación da Real Academia Galega de Ciencias (2023), a Medalla SEIO (Sociedade Española de Estatística e Investigación Operativa) (2022), co Premio Fundación BBVA – SEIO á mellor achega metodolóxica en Estatística (2021) e co Premio SEIO “Ramiro Melendreras” para mozos estatísticos (1989). Ata decembro de 2023 foi coordinador do International Symposia on Nonparametric Statistics (ISNPS) e presidente do Comité de Expertos en Matemáticas “fronte ao COVID-19” designado polo Comité Español de Matemáticas (CEMat).

Foi vicerreitor de Investigación e Transferencia da Universidade da Coruña (2012-2016), coordinador de Matemáticas da Axencia Nacional de Avaliación e Prospectiva (ANEP) do Ministerio de Ciencia (2008-2011) e director do Departamento de Matemáticas. na Universidade da Coruña (2005-2008).

Publicacións

A súa investigación céntrase nos campos de inferencia non paramétrica, métodos de remuestreo, análises de supervivencia, verosimilitud empírica, análise de datos funcionais, análise estatística de big data e métodos estatísticos en epidemioloxía, xenómica, neurociencia, malherbología, oncoloxía e risco crediticio.

É autor de máis de 250 publicacións recollidas en Google Scholar. Dirixiu quince tese doutoral. Foi editor ou coeditor xefe das revistas Journal of Nonparametric Statistics (2019-2021), Computational Statistics (2016-2018) e TEST (2009-2012) e tamén editor asociado das mesmas e de Computational Statistics & Data Analysis.